

EOI DE VIGO – CURSO 2018-2019

OBRADOIRO ONLINE DE FALA PARA BÁSICO A1

1. CARACTERÍSTICAS XERAIS DO CURSO

Profesora: Alicia Gil

Horario: Luns 18.00-19.00, Martes 20.30-21.00 e Xoves 11.30-12.00

Durante a primeira e segunda semanas de outubro 2018 comezase a publicidade para o rexistro e inscrición do alumnado interesado na plataforma Moodle e así comezar o obradoiro na terceira semana de outubro.

2. OBJECTIVOS XERAIS

Os obxectivos xerais deste obradoiro basearanse no nivel A1 do currículo publicado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para as ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia ([DECRETO 81/2018, do 19 de xullo](#)), que establece os seguintes obxectivos do nivel para alcanzar durante o curso:

“As ensinanzas do nivel básico A1 teñen por obxecto capacitar o alumnado para desenvolverse de forma elemental e satisfacer necesidades de tipo inmediato. Este nivel de uso do idioma permitirá, igualmente, actuar en situacións moi cotiás mediando entre falantes de distintas linguas para facilitar a comunicación.

Con este fin, o alumnado deberá adquirir as competencias que lle permitan utilizar o idioma oralmente . . . de maneira eficaz e apropiada en situacións comunicativas moi concretas e predicibles relativas a necesidades inmediatas e que requiran comprender e producir textos orais . . . moi breves e sinxelos nun rexistro neutro da lingua estándar.”

3. OBJECTIVOS ESPECÍFICOS

- Establecer contactos sociais moi breves, de estrutura moi sinxela, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía.
- Presentarse e intercambiar información básica e sinxela sobre si mesmo/a e expresar gustos e intereses sobre temas moi cotiás.
- Participar en conversas moi básicas sobre temas predicibles, facendo invitacións e propostas e reaccionando adecuadamente ante elas, e expresar sentimentos e opinións de forma básica.
- Interactuar para obter ou ofrecer bens e servizos ligados a necesidades inmediatas sempre que se fale a modo e con estruturas moi sinxelas e habituais, e reaccionar adecuadamente.

- Solicitar, mediante preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.

4. METODOLOXÍA E AVALIACIÓN

Como o obradoiro vai ser online, deseñárase na plataforma Moodle sobre a base das tarefas que se verán en Básico A1 durante o curso. Pedirase aos/ás participantes que presenten gravacións sobre modelos que serán provistos pola profesora. Preténdese que os/as participantes practiquen tanto a produción oral como a interacción; polo tanto, proveranse modelos tanto de monólogos como de diálogos abertos onde os/as participantes teñan que gravar a súa parte.

En ámbolos dous casos, a aplicación de Moodle permite avaliar non só de forma numérica, senón tamén con comentarios que poden encamiñar aos/ás participantes a mellorar a súa expresión na lingua inglesa. Tamén permite presentar gravacións na sección de avaliación que serán provistas cando véxase necesario para corrixir cun modelo extra.

5. CONTIDO E TEMPORALIZACIÓN

Nº	Semana	Contidos
1	15-19 de outubro	Introdución ao curso. Presentacións persoais e saúdos no foro (escritos en inglés seguindo a pauta da profesora).
2	22-26 de outubro	Presentación oral da información básica persoal en forma de monólogo. Diálogo aberto de intercambio da mesma información.
3	29 de outubro-8 de novembro	Presentación oral de datos persoais de email e teléfono. Diálogo aberto intercambiando os mesmos datos.
4	12-16 de novembro	Presentación oral describindo os obxectos da aula e os que teñen no bolso ou peto. Diálogo aberto intercambiando os mesmos datos.
5	19-23 de novembro	Presentación oral da xente coa que viven (a familia). Diálogo aberto intercambiando a mesma información.
6	26-30 de novembro	Presentación oral sobre comida. Diálogo aberto de pedido de comida nunha cafetería.
7	3-14 de decembro	Presentación oral sobre as rutinas diarias e o traballo. Diálogo aberto intercambiando a mesma información.
8	17 de decembro-11 de xaneiro	Presentación oral sobre as rutinas no fins de semana. Diálogo aberto intercambiando a mesma información.
9	14-18 de xaneiro	Presentación oral sobre as principais celebracións e festividades. Diálogo aberto intercambiando a mesma información.
10	21-25 de xaneiro	Presentación oral sobre amigos/as ou familiares. Diálogo aberto intercambiando a mesma información.
11	28 de xaneiro-1 de febreiro	Presentación oral sobre os/as compañeiros/as. Diálogo aberto con preguntas sobre os/as compañeiros/as.
12	4-22 de febreiro	Repaso para antes e despois dos exames. Proposta de rever os temas que resultan máis difíciles aos/ás participantes.
13	25 de febreiro-1 de marzo	Monólogo de descrición do fogar e da cidade onde se vive. Diálogo aberto intercambiando a mesma información.

14	7-15 de marzo	Presentación oral sobre o tema do transporte. Diálogo aberto para mercar un billete.
15	18-22 de marzo	Presentación oral sobre o tema de hoteis. Diálogo aberto para facer unha reserva.
16	15-29 de marzo	Presentación oral sobre o tema das instalacións e servizos dos hoteis. Diálogo aberto para aloxarse nun hotel.
17	1-5 de abril	Presentación oral sobre o tema de compras. Diálogo aberto para mercar un souvenir.
18	8 de abril-2 de maio	Presentación oral sobre o tema de compras. Diálogo aberto para mercar ropa.
19	6-9 de maio	Presentación oral sobre servizos na cidade. Diálogo aberto para mercar entradas para un espectáculo ou museo.
20	13-17 de maio	Presentación oral sobre servizos na cidade. Diálogo aberto de solicitude de indicacións para chegar a un lugar.
21	20-24 de maio	Presentación oral sobre acontecementos pasados e planes futuros. Diálogo aberto intercambiando a mesma información.
22	27-31 de maio	Repaso para os exames. Proposta de rever os temas que resultan máis difíciles aos/ás participantes.

NOTA: Este calendario é orientativo e poden haber variacións nas datas ou nos contidos dependendo da resposta dos/as participantes e do traballo en clase. É moi posible que haxa que dar máis tempo para cumprimentar as tarefas e polo tanto, limitar os temas.